

NESTA SILANDEIRA

CREMALLEIRA

DE AUGA.

2º premio 2007

• José Afonso Caetano

LEMA : RÍO, PAI E AMIGO.

I.- IMOS CONTIGO EN SILENCIO.

BAIXEI AXIÑA BUSCAR Ó RÍO.

Baixei axiña buscar ó río
os estertores do paxaro fuxidío,
e encontrei o distingo das engrenaxes quedas
da súa silandeira cremalleira de auga,
e vin como baixaba dende a cabeza de Meira
amecendo dentes no rail da canle,
nun xuntoiro de augas casadas
con vestidos de noivas,
percorrendo A Chaira.

Que calado vai este pai de todos!

Fixérono os bois marelos polo baixo veiguío
fendendo no tempo coas rellas do arado
un antergo rego no escorrentío.

Río amigo.

Que sono inmortal levas contigo!

Que silencio na ribeira eterno
se move nas túas augas procelosas!

Que verdade abrangues nas augas claras!

Río amigo.

Río manso.

Río infindo.

GALIZA E TI SODES O MESMO.

Galiza e ti sodes o mesmo,
río de ríos.

Sempre baixas nas terras empicadas dos esquecimentos,
amodiño e enteiro,
nunha decadencia verde,
nunha terra da historia salferida,
sen protestas, sen loitas. Imos contigo
en silencio.

Nun esquecemento milenario,
nunha desilusión inacabada,
nunha folga silente, camiñando
coma auga, esquivando atrancos.

Na canle da vida baixamos xuntos
encaixados nos ribazos dos esquecidos,
nun cadaleito que nada río abaixo
cal batuxo de ameneiro
sen governo, esvarando
na pel do río.

GALANTE RÍO GALAICO.

Galante río galaico.

Ostentoso peneireiro da inmundicia.

Lávallela cara ós homes da demora,

enfáixalles o retraso

e dános a maquía arrestora

e a luz dos tempos no principio.

Pedímoscho.

No cume das árbores.

No silencio das beiras.

Na transparencia das augas.

No chantado das leiras.

Collemos cotelos e garabullos
que baixan cal naos na corrente
para quentar as febles pernas,
mentres se incendia na central cocña
un bafo inmenso de quentura
e remoallo.

Pedímoscho.

No arco das pontes.

No fervedoiro das fontes.

Nos prados silentes.

Nas beiras verdecentes.

Amigo das historias
das noites de inverno
que contas desgrazas
do noso xenio endémico e interno
e baixas a trote, cabalo invisible,
polas fondas corredoiras da canle
agarrado ós carballos e ós ameneiros
para non te caer
de desgraza e de abandono.

Desgraza histórica.

Río amigo.

Río amargo.

Pedímoscho

No desvío dos rairos.

Na estratexia dos caneiros.

No fondo dos remansos.

No silencio dos leiros.

ENCAIXADO NUN BARRELO VERDE.

Río amigo:

Vas encaixado nun barrelo verde de picariño
e dormes nel un sono de cansazo,
de maniotas de eternidade.

Carpinteáronche os varais
as árbores da longa ribeira,
e as pontes puxeron as travesas dos cabeceiros
en tres ocos afundidos de misterios.

Arrólante os ameneiros
coas frouxas polas preguiceiras
e ti gorneces beiras nun longo abalo
de berce silandeiro.

Non espertas dese sono vedraño e profundo
encamado nunha canle de leito grixento
e colchóns de follas descompostas en lamas
nos fondos escuros dos presaxios mouros.

Encamado no barrelo dos prados de Carrapucheiro,
encamíñaste gorecido das leiras,
nun retorno de friaxes e quenturas
ata a amencida que para nós non ten volta.

TOSCANEANDO AMENCERES.

Aí veñen os feixes da negrura
con viortos de escuridade,
arrexuntando os mollos da noite
nas medas da sombra.

Abrollan os cornos da lúa
na mansedume do río que copia estrelas,
nas presas, nos caneiros,
nos atrancos da vida.

Os chairegos de foco acendido
ían á tosca no caneiro atravesado,
coas canas longas de punteira romá
e sedela enguetada.

Toscaneando amenceres de orballo mollado
saltan as troitas,
algunhas para o prado,
cos anzois na boca
e a sedela estirada.

(Mais hoxe xa non hai troitas
que mataron os xurros dos prados)

6

NO MANTEL SOLERMIÑO DO RÍO.

Na ribeira encerellada de silveiras . . .
mansedume acurralada,
pola manta do río.

Nas insuas de ameneiros cal fusos do ceo . . .
e de grixos lavados
no arrastre do escorrentío . . .
dorme en silencio o río.

No fondo . . . lentitude.
Nos remansos . . . calma.
Nos relanzos . . . tranquilidade,
repouso, auga de vagar . . .
no mantel solermiño
do río.

OS LAVADOIROS DE PEDRA VERMELLA.

Dálles a auga polas canelas
ós lavadoiros de pedra vermella.
Asolagados nas enchentes do río
seguen aniñando troitas,
no remate da ceta dos lombos
que enchoupan as arelas do río.

Recordan sabas de tea e mantas de liño,
carpíns de la e limpeiros de sacas.
Debullando roupas nos seus espiñazos
de xabóns escorregados,
e de zoupas escoitadas
alén dos buques da Ponte do río.

Vai un regueiro mouro
de xurro, traballo galego,
esmorecéndose coas escumas
na liña da tona,
que simbiotiza o espello do río
cal serpe ó lonxe curvando,
e logo . . . desaparece.

CORRE, RÍO, CORRE.

Corre, río, corre.

Fai o camiño da nosa historia e da nosa cultura,

arrimado ós bordóns da beira

nunha lentitude pasaxeira,

de procesionaria . . .

Asolagando os vales de atlantismo

nunha esmorga de auga.

Tripando cómaros e leiras

nos encoros que agatuñan

altas voltaxes de cordais,

e moves turbinas extranxeiras

sen pagar gravames nin impostos

en luzadas refuxentes.

Namentres vivimos nas tebras arcanas,

nas escuridades da ignorancia

cos permisos políticos da ousadía.

Corre, corre, río.

Lisca ás alancadas

e pide a enerxía da decencia

nesta Galicia da ignominia,

da pachorra e da indolencia.

CHAIRA SOSTIDA.

Chaira de verdes prados e terra asolagada,
de millos en ringleiras
transxénicos e extranjeiros de pancarta certificada.
Por que non vos ides por onde chegastes
sen deixar á Chaira estragada?

Chaira sostida, Chaira degorada,
sen xurros nos prados,
sen plásticos embolsados,
sen rodas ensiladas,
sen fetideces gafumadas?
Políticos trasnoitados
que firmades minas a ceo aberto,
deixádenos as ágatas, as ametistas,
as calcedonias, os cristais de rocha
que naceron cos prehistóricos ancestros
nas concas dos ríos de verdes prados
en forma de sílex en lascas,
e brosas para os descastados
e falsos coma o topacio.

AS TOUPIÑEIRAS.

As toupiñeiras,
nas enchentes,
gurgullan auga polos ollos furados,
cara arriba dos abrentes.

As toupiñeiras
son ollos da terra que atoutiñan pesares.
Excrementos da natureza morta inconclusa,
saída polo ano evacuado dos outonos
en pequenos outeiros onde outean os toupos
que gurgullan pesares
e reprimen negros visionarios,
escondidos do outro lado das paixóns,
a carón da febre fogaxenta da terra
de tobeiras negras.

As toupiñeiras,
nas baixantes,
gurgullan auga polos ollos furados,
cara abaixo das escuras.

Cara arriba e cara abaixo
rega o río os prados,
polos furados,
das toupiñeiras.

TODO ESTABA CALADO.

Todo estaba calado,
nun silencio amortecido,
cando tremen de chuchas as estrelas,
na pel do río.

Na pel do río
hai fardelos esmaceados,
de estrelas tremelucidas.

De estrelas tremelucidas
e de día afogadas
no fondo insensible.
Vagalumes de noite,
na pel do río.

UNHA NOITE ACEDA.

Unha noite aceda
baixou desañar a lúa
os seus panos de amorodos
por entre os bidos
da beira do río.

Xuntoiro de luces
esgalladas das ponlas,
que de noite descenden
beber ó río:
silencios de oucas,
resíos das noites,
lágrimas esmaceadas
das sofraxes refuxentes,
no coiro do río.

Amouchadas arelas
nas bufardas das árbores
da beira do río.

ESPELLO DA ALMA CHAIREGA.

Espello da alma chairega
vivificada en veas,
que levas orballos de mañás rotos
nos cristais da auga dos ollos vixiantes,
cal anteollo de lentes
polas bocas abertas das pontes.

Abrolla a auga dos ollos mananciais
en burbullas de esperanza,
en casulas de aire máxico
con estouros de arpa
nas armelas do berce.

Estombállaste e fúndeste en lágrimas de auga
mesturando atardeceres de sono
en sendeiros de silencio,
imposto polas sílfides do aire
e os nenúfares da tona,
aboiantes na sentina do barco da auga,
que escorre xuvenil e primorosa
en leceres frescos de rexouba,
na cama sensual do leito
e nos amenceres da alma

ERA UN SALOUCO MOURO DE AMARGURA.

Era un salouco mouro de amargura,
o que baixaba asoballando as augas enroladas
da noite aterrecida,
coma unha carroula de pesares,
a rebolos,
arrolando as desgrazas empenuxadas
en pinchacarneiros,
que escorrían avesos na axitación do río,
acugulado de mágoas primitivas,
repuxadas de longas saudades
que caían a callón,
na lomba pantasmal,
aborrecida de pesadumes
no leito do río.

QUE MISTERIO PROFUNDO!

Que misterio profundo leva o río!
para que engarabitén as hedras
polos ameneiros lanzais e os esmoucados salgueiros cativos.

Hedras inxeles enguetadas
nun silencio enviortado.

Hedras encariñadas coas árbores
enmaruxadas de follas.

Hedras amantes que atafegades alturas
en restras louras e matades ó amado
en calados cabelos entretecidos.

Sobe a hedra demansiño
cos seus bicos ó aire.

Imposible amor
en rodelas abafado.

Que misterio profundo leva o río!
para que engarabitén as hedras
polos castiñeirolos vellos e os freixos altivos.

PAN CON ANGUÍAS.

Na caseta do caneiro retorto,
aínda ole a nasas encanastradas
e a limo de anguías encosquetadas,
para pagar foros e terzos.

As anguías extinguíronse no silencio das oucas,
cos encoros agatuiñados de servizos extranxeiros,
e seguimos purgando dominios,
dereitos, privilexios e aforamentos,
na inmunidade curia das augas
escorredizas das beiras.

Río, pai e amigo,
berra onde as túas ribeiras se inzan de silencios
e non pidas esmolas nin rafas de pan acedo,
pois roubáronnos as anguías
e só co pan non comemos.

O MUÍÑO DERRUBADO.

Aínda hoxe no andar do río,
non hai casal sen muíño derruído.

No seu teito de libro aberto
troupelean as pastas das lousas e vense as follas dos cangos
cos primeiros ventos do inverno revirado.

As ventás sen batentes
e a porta desgonzada abre bruídos
de seres que se foron entre a foulá da fariña
e a auga que chouta entre as pedras
do inferno, no arco da caída.

Ábreñse fendas de couselos e fentos verdecidos
entre as culleres de rodicios mortos
que non moven pedras albeiras.

Segorellas deseixadas en ferruxes desleigadas.

Niñan os merlos entre a podremia das moegas,
e as quedas quenllas desoladas
non tanxen sons acompañados
de muiñeiras que se escoitan
do outro lado das augas,
e no silencio das pedras.

CAMPAÍÑAS XORDAS DE COUSELO.

Entre as fisgoas das pedras da ponte
e no cisco do currullo baldeiro,
amosan os pés dun ramíño de couselo.

Badaladas de silencio nas campaiñas xordas.

Prato de nenúfares do aire

en cálices de carne verde.

Embigo de deusa abalado

en acaneos de druída,

polos ventos que engaiolan a misterio.

Recuncho dos orballos grises

que tremelocen pingotas arroladas

nos barrelos das follas viradeiras.

Alxibe da pedra sombriza

onde liban os deuses minúsculos do aire.

II.- ADAGIOS DE MÚSICA QUEDA.

RECHOUCHÍOS DO SOLPOR.

Aínda non baixaron as portas do día
nos ladrailos do carro da noite,
e a luz tamízase nun coador de estrelas
entre as ábores afungueiradas
nos momentos espreitados do río,
dende o punto álxido da natureza coutada,
cos rechouchíos do solpor
nun anaco das horas.

Rebulidos no embruxo do atardecer!

Férense os cantos mesturados dos paxaros
nun xúbilo harmónico de sons e verdores.
Ícaros da Galicia escondida nas sombras,
que chían na orquestra dos días
para darlle as grazas ó río, pai e amigo :
asubían os chirlos nos ameneiros,
cacarexan os merlos no fondo dos salgueiros,
temperan os violíns dos xílgarios cos papos ó vento,
voan raso dirixindo coa batuta do rabo as lavandeiras,

estronda a pita brava a rebullón no bombo da camposa,
coas espadas das espadanas move en ondas ó río,
gorxeán os contrabaixos dos corvos nos apuntados freixos . . .

A natura axítase na ledicia do serán
gabando decote os galegos fillos do río e das augas.
Choutan as troitas e gurgullan os peixes
no intre teimoso do día,
no que todo é balbordo, pulo, arela,
relouco, rebuldo, arrouto, xolda . . .
na congostra do río.

Tanxen as campás con laios de morte
e entra a saudade do silencio
manseliña.

LADAÍÑAS DAS ÁRBORES DA RIBEIRA.

Santo Ameneiro que case chegas ó ceo.

Diaño de Salgueiro embruxado con flores de gato cego.

Anxelical Bidueira de brancas ponlas
de ás de buxato.

San desavegoso Sabugueiro
medicinal viño con froitos de bieiteiro.

Carballo, escudo de Galicia,
dás nome ás carballeiras da ribeira do río.

Santa Abelaira de follas de corazón
boa para os cestos, pipos e bocois,
aguilladas dos nosos labregos,
escorrentadora das cobras,
adivíñadora das augas.

San Freixo do eixo de carro
de branca madeira apreciado.

San Sanguiño de madeira marela,
purgante sangoviño

de casca vermella.

(Todos os santos
marchades da nosa terra)

SERRAN RUMOROSOS BULICIOS.

Parrafean os paxaros nos albares bidueiros.

que soltaron un ventiño revirado

das súas follas de lembranzas frescas.

Serran rumorosos bulicios

de maraca, de axóuxere,

de secos froitos de papoulas e adormideiras

abaneadas nas restrebas.

Clamor de queixa delongado

en acaneos xordos

de barullos amantiños.

Ás de avelaíñas

cimbrando doces recordos de murmurios meigos,

e mainos devalos no mol das follas

de corazóns alongados,

de mans fregadas ó lavarse no río,

mentres ole a humidade

e arrecende a ouca

atordada de misterios.

LIRAS Ó SALTADOIRO.

Nos saltadoiros do río
había rochas que triscaban os pés
ó pousar de vagantío
a planta e non prevés,
se está ó dereito, ou non o ves.

E pasamos nós todos
e deixamos as camposas floridas
de lirios e lodos,
escuras e belidas
no escorrer profundo das nosas vidas.

Nesta auga esperanzada
que limpa de seo as malas lembranzas
que escorren na luzada
do día espallado de axexanzas
e que encobre o sol das tardanzas.

A auga atropallando
con cores da transparencia do ceo
detrás ía quedando
o salto da infancia e do receo,
neste río inmenso que recreo.

NA RUXIDOIRA GACIA DE PRATA.

Corren as follas do outono
polos regos furados pola sacha de crista
dende o ollo do rego da casa de César,
enlouquecidas coma vida
destes homes sometidos ós estrobos da cidade,
nunha carreira escintilante
pola quenlla dos prados reverdecidos de ausencias
ata chegar ó río agarimoso,
nunha música acordada de auga rompente
no tambor do río chairego;
chumbándose o rego
en acordes de monotonía
no ruxe-ruxe dos encontros,
nas caricias salferidas de recordos de auga
mentres o regato fai merengues
na ruxidoira gacia de prata.

CHOVEN ADAGIOS.

Choven adagios de música queda
no río que recibe pinguelas de arumes.

Raiados de auga na auga.

Pintura transparente que molla.

Sopa de atardeceres quentes
no caldo estival do río
que se enchoupa de herbas de auga,
caendo pasenijo.

Til de vogais, vírgulas e serpentinas do ñ
que escapan dun texto
ortograficamente incorrecto.

(no parvulario do río)

Auga das nubes preguizosas
que en falopas presumidas
rompen os espellos da auga
e puntas de alfinete chumbizo
que se cravan na pel
transparente, delicada e inconclusa
cal corcheas, fusas ou brancas.

OUCAS DE LIÑO VERDE.

Oucas de liño verde,
refaixo da saia do río
reviritada en puntillas,
de estropallo verde nos pozos
e de raigrás na baixura.

Cabelo de xuventude.

Casas das troitas
onde amortiguan a velocidade
nas corgas e carreiras do río...
(e morte nas estradas)

Abaneos fachendosos
dun violín descriptivo
de oucas con carné de identidade,
de arpas tanguendo rabos
de compases a contrapunto marcados
en moreas rebulidas.

CORRENTE.

Escorredoiro dílixente
(do diñeiro mouro)
que escorrentas nun espasmo invisible
as augas parsimoniosas dos fondos,
abrindo vereas e baldeirándose
entre as oucas marelás do río.

Tanxen as zanfonas esvarantes
coa manivela das correntes.

Tremen co vento e moven as augas
ás floriñas das oucas brancas,
nun vibrato de viola,
nun salterio do medioevo,
nunha lira minia romana.

As notas ó vento
e os sons belidos, na alma.

AS ESCUMAS.

Baixan os abalorios das escumas
que bota pola boca o río.

Babas das limachas brancas
salmodiando unha liturxia
de burbullas acendidas,
de bombillas apagadas
cal boias transparentes,
na branca xerfa do río.

Nunha celebración máxica
estouran as burbullas de champaña,
de cuspe de cuco,
na copa de cristal
que se transparenta na canle
de saloucos trémulos,
na nugalla da auga.

OURELAS FUMEGANTES DE NÉBOA.

Acaríña o río de mans sedosas
as ourelas fumegantes de néboa,
que sae do río coma un caldeiro cocendo suspiros do vento
nos estirados trasmallos brancos, que esperan no fondal do lonxe
e soben lixando de fume ó aire,
que esbagoa gotas no bulleiro das horas,
inzando panos de seda
e pombas brancas de vento,
ó redor do río.

A pingueira dos deuses da néboa,
arrefriados á ourela do río,
lumbrigan entre as árbores
orballos de presenzas,
de pregarias silentes
e rezos de auga,
no incensario do río.

CAMPÁS DE MORTE.

As campás tanguendo
na tarde de outono, desalentadas.

Ecoan badaladas de pena
que sente o río
nos corazóns das insuas,
ó traspox as augas mudas de silencio.

Cada tanxido, unha morte na casa do río,
na casa de Galicia, na casa da alma.

Estoupan as oucas de dores enleadadas,
viscosas de pulmóns osixenantes
entre os perexís anicados de pesares
e as espadanas tronzadas de desconsolos.

TINGUILEANDO COS RABOS.

As troitas nos remansos cos seus brincos
en apetencias de voracidade
choutan tralos cíñfanos en moreas ramalladas de estulticia,
nunha subida que esvara impulsos
e esborrállase en ondas contornas
no andar do río.

As troitas nas ourelas,
lizgairas,
tinguileando cos rabos
as charamuscas pingueadas
de rosa rebulida.
Cimbreantes andainas con camiño a ningures.
Padexando suspiros de auga.
Aquantando as correntes engalaxadas
que endexamais perderon a quietude,
áinda durmindo no xergón das oucas
do eterno río.

NOS CURRULLOS RENXENTES DAS PONLAS.

Séntese o aire entre as pedras
como toca o birimba do caneiro
e rosma saloucos perdidos de árbores
nos currullos renxentes das ponlas,
que se rozan en fregas de peles
e toros en devalos.

Núos de paixóns encabalgadas,
cal penes de prepucios baixados
en praceres meigos,
masturbados en cotonos despelexados
de abalos cortos.

A XEADA ANAINA DUN BRANCO DE NEVE.

A xeada anaina dun branco de neve
e engaima as herbas renxentes do prado,
nas mañás rotas de arañentas leiras
que abren a terra en veas de trapos,
e en mendos cosidos coas engurras abertas
daquelas herdades cubertas de farrapos.

As árbores do río en xeada tristura
de outono espida séntense aqueloutradas
coas peles ruzas da noite arroupadas,
de inxeles corozas e branco carazo.

As augas frías correntes de branco e de luz
moven as espadanas en continuo devalo,
e un sol mortizo amainado de frío
atravesa a vida nun seguido degaro.

RAIRO.

Enxerto afastado da ponla do río,
que conformas un galleto escorrentío
onde a presa enchida de aloumiños,
esvara dozuras na ruxida.

Rairo que bebes na escaseza e na fartura
roubando auga nos espellos da ribada.

Debuxas unha corga circunda
en alancos bourados de tormento
nas túas beiras de mollado trapo salferido.

Debuxáronte as mans agres de degresas dos labregos encalecidos,
que nun fardelo de liño comían pan e touciño,
e enchendo as mans avieiradas
bebían auga do rairo que xurdía da cabeza do río.

Pero ninguén te sentía, ninguén pescudaba
os teus traballos na loita cos alicerces da terra.

Rairo, fillo do pai río,
que baixas por entre os prados
fecundados coa vea da túa ferida de morte viva
taponada coas pedras da presa.

Segues lizgairo tocando o acordeón da ribeira
e o bandoneón aberto en correntes,
ata chegar ó muíño rancio de vetustas pedras,
en estrondos de continuidade
e contenda manifesta.

TORADAS DE BIDUEIRO.

Cantas zocas para aqueles pés de frío
se toraron nos bidueiros da beira do río!

Cantos carpíns fiados acubillaron dedas
que o trade furou no oco branco a ollo medido! . . .

e a gubia arredondando covas en guizos choutados
limpaba calcañares do toro apertado,
entre as cuñas do ripeiro escrequeñado
en catro furados de trade embutidos,
termando cos pés da brosa que perfila
e das legras envoltas en aceiro temperado,
dando formas ás zocas
no caseto abierto, da casa ó lado.

Oíase á madeira saír do silencio,
con tantos ruídos renxentes
coma o viorto apertando os feixes
da herba verde e vizosa do prado,
ou como a vella sebe que rincha co vento
ó movérselle os paus entrelazados.

NOS PEIRAOSES DOS CANEIROS.

Nos peiraos dos caneiros
que se fisgan polas pedras espetadas
da auga atacante de alustros,
escorrendo polas fendas do tempo
en raiolas de luz e espellos de auga:

Vive a maxia e os espíritos das pedras.

Resgando panos transparentes
que se apretan coma os acordeóns
na xerfa baixante do caneiro
segregada polos notarios da auga.

Arelando covas de recónditas formas
moe a auga hipérboles
e parábolas de auga.
Remuíños espirais . . .
na casa da maxia
e nos espíritos das pedras.

AUGA, SANGUE GALEGA.

Sangue galega

que corre polo corpo da Galiza embruxada
de ríos e regatos en veas.

Maxia da auga na escorrentía agarimosa
de queixumes que se perden.

Maxia das quenllas ruxentes
de balbordos confusos.

Maxia dos regueiros murmurantes
de beatería en sons de penitencia.

Maxia das canles das leiras
en soños paralelos de luces.

Maxia da fereza da tormenteira
que se bota enriba da penedía
escachizada de risa,
rebrincando curvas
de vida e xuventude
e morre en A Garda,
doce, humildosa e meiga.

BÉBESE UN ZUME DE SILENCIO ROTO.

Aló onde o río fai un cavorco
e a auga enche o ribazo.

Bébese un zume de silencio roto,
de abellas nos milicroques.

Campaíñas arrandeadas en zunidos xordos,
apaixonando dourados xantares
nas covas moradas de cabelos longos;
libando estames de caiadas louras.

Pingotas nas campaíñas dos abandonos
nos orballos trasnoitados,
esvaran pola carne das aberulias:
Lágrimas de desconsolo.

III.- NA VERACIDADE MARMORIZADA
DA TARDE.

AS LAVERCAS.

Veñan lavar as lavercas lavandeiras
- da rega dos Lavancos -
as terras aradas e os fondais das leiras,
con feixes de roupa de aire e sentimentos,
movendo o cu e os rabos buliceiros.
Debullando plumas de atardeceres.
Iterando xabóns de fraxilidades.
Peneirando roupas de panos invisibles.
Serrando imposibles
na veracidade marmorizada da tarde,
mentres o río calado e austero
presaxia dificultades
e esporrancha sombras.

CABRIFOLLOS DO RÍO.

Cabrifollos do río
que en longos devalos agatuñados
botades espirais gabeados
nas enfuscadas medras retortas de vida.

Os vosos talos afouciñados que se arrolan
cal cabeza de crinas verdes,
contorsionadas,
encordadas e enrestradas en anzós
e en sedelas enguetadas.

Desprendedes arrecendos
das vosas flores de cuco
que embebédes o aire
de fragrancias que se esparexen
ó outro lado da ribeira do Miño.

Recordo que de pequenos libabamos cal deuses troianos
ou abellas perdidas
os meles das flores
das garnicelas do río.

SANGUIÑO.

Pobre sanguíño,
que soprando o vento corpulento
rompes as ás das túas ponlas,
e quedas en guizos amarelos,
na curva que revira o río.

Pobre sanguíño
de carne amarela e cortiza vermella.
Dás a carne á celidonia,
e a pel ós amieiros altivos,
ós cadrifollos pequechos
e miras as cores do sangue
que patinan no espello do río.

Viño, nos chícharos acereixados.

Viño, nas cortizas endereitadas.

Viño, nas follas envellecidas.

Tintos cortinaxes
de vermello púrpura
nas ventás do río.

BAIXA UN CAXOTO.

Baixa un caxoto calafateado de mofo e sono,
zigzagueando zetas da bêbeda auga
coma un barco á deriva,
escorándose á ribeira do leito escorrichado,
batendo coa proa da nao esquia
nun oco da paleira furado.

Vara de carballo con zocha alporizada
que baixas polo río bailando sorpresas,
e embícaste pola lanzadeira embocada
do caneiro presto.

Dime se es a aguillada de Crecente Vega,
ou es a caiada de Antonio ou a de Celso ...
ou es outra calquera?

UN SALGUEIRO MEDIO CAÍDO.

Unha torada de salgueiro baixa ó río
por falta de agarimo,
e dobra a cachoupa tarugada
e os ramallos revirados.

Acariña a auga demansiño
ó tronco verde luído
do salgueiro medio caído,
e frega alentos de aloumiño.

As mans do río apaxan as follas,
apalpan as canas nun arrolo de ondiñas lenes,
e o salgueiro móvese rexoubando ledicias
de agradecementos mioqueiros,
baduando abalos
no coiro do río.

FREGAN AS TROITAS AS BARRIGAS BRANCAS.

O poema é unha cantiga

que se canta ós nenos á súa dormida espontánea.

En Galicia tamén se canta:

Fregan as troitas as barrigas brancas

no fondo adormecido.

Contra os grixos luídos e transidos

esvaran as ovas ben espalladas

en raudas aleteadas.

Orixé e semente do principio

da forza escaldrufada.

Sofños da auga de vida preservada

en bagullos de luz e de esperanza.

O SEU FADO É PROSEGUIR.

O seu fado é proseguir
sen volver os ollos ó seu dianteiro espreitar,
pero ten ollos esmorecidos
de tanto mirar . . .
de tanto espellar contornos tremeluentes de ondas,
a meniña do río polos ollos das pontes,
quedouse sen retratar . . .

Na cámara escura das sombras
por un intre de exhalación
quedouse cego o río . . .
como alma do meu interior.

MACULANDO TRISTEZAS.

Ai o río revolto!

Ai retorcendo penas!

Mouras penas da súa ansiedade
entristecidas de augas escuras
nos retortullos fondos,
nos funís sen agarradelas circulando,
mesturando pesares
da dor esvarante.

Ai o río revolto!

Ai retorcendo penas!

Penas de nubeira moura
na auga arrastrada,
en congostras de mágoas
e asoballo das ribeiras.

Ai o río revolto!

Ai retorcendo penas! . . .

de fábricas gafumadas.

Maculando tristezas

nas covas enlordadas

de líquidos noxentos.

CAPIZOS ABANEADOS NOS ADEUSES DA AUGA.

As troitas son gravatas mouras
con nós ingleses na cabeza de boca aberta
e rabos cimbreantes no estómago do río.

Capizos abaneados nos adeuses da auga.

Bandeirolas acaneadas no fluír das ondas,
movendo as cadeiras de moza melosa
buscando sexo na escura paleira.

Encastradas na corrente de auga e ouca,
furan cal parafusas na inexistencia das horas,
sempre río arriba, contracorrente.

O GRALLAR DUN CORVO.

Un corvo de presaxios mouros
agatuña pedindo auga na ubicua póla
cos gorxeos rosmos de delouros.

Grallando descompostos pesares de esmola
baixa coas ás abertas en voos afoutos,
picado o cadáver e coas gadoupas arrola
nunha esmorga en seguidos choutos.

Chamando os afins e dicíndolles que consola
a carne esquecida dos soutos.

A INSUA.

1

Primeiro foi unha cepa detida na correntada,
aboiada polas mans imponderadas das avelaíñas do río,
que a foron levando en suspiros de auga,
levantando pesares coas mans cristalinas,
zigzagueando a cachoupa a refoladas,
e pousada no medio do río
cun último agarimo que se lle dá os seres vivos . . .
e logo o comezo dun longo esquecemento,
de ataúde no cemiterio dos xacíos.

Despois viñeron as enchentes
 e o río foi buscar fóra da súa corga de auga,
 tarugos, canas e ramallos entretecidos,
 coadores de silencios confiados á cepa primixenia
 que físgoan auga polas regañas encrucilladas
 e cobran pousos e poulan lordas de portaxe.

E foise facendo terra no exordio dos séculos,
 e foise vestindo de insua a colleita das augas,
 e foise sementando árbores na murada contorna,
 e naceu a herba, e as abrótegas, e as magarzas . . .
 e as aberulas.

E viñeron as calandras . . .
 e rodaron as rulas.

III.- NAS CARRANDIOLAS
 DOS AMENCERES.

OITAVAS Ó REAL BATUXO.

Batuxo de amieiro amoucido
que encargaches proa achaflanada
e popa recta de asento escorrido.

O teu fondo cha de madeira inchada
leva trasmallos de liño torcido,
e resistes á auga alporizada,
enfiando río arriba correntes
que renxen contra a proa batentes.

Pértega de bidueiro alongada,
impando saloucos tras do abrente;
o batuxeiro de pana raiada,
gobernando amenceres na súa mente,
chaleco mouro, camisa de riada,
sen colo, axustada á enchente
do pescozo de garza alongado
e ollos de troita ou saltón turbado.

CABALIÑOS DE VERDE ESMERALDA.

Debándanse as espadanas
nas carrandiolas dos amenceres,
e na almofía do río,
rebulen amoreadas.

Afían os seus coitelos
nos cantos redondos do vento,
e sacan mangos de flores brancas
para as pousantes libeliñas,
de trotes lixeiros en ás de suspiros,
nas flores de nata.

Cabaliños de verde esmeralda
e de azul turquesa,
vixiantes da limpa esperanza de Galiza
nos ocos labirínticos das espadanas,
buscade o nome dos ancestrós
na pía translúcida do río,
e poñéddelle as novas estirpes
que perderon o noso son,
os nomes que levan as augas
de tantos galegos egrexios
no baptisterio do río.

AS LONTRAS.

Aluouse a noite
e saíron as lontras mouras de prata,
abesullar na ribeira estantiga.

Brincando argucias de sombras.

Enredando folguecos brancos
das súas bocas de risada.

Lambendo os aneis dos labros.

E un pouco más adiante,
ó lado dos ramallos fungantes,
esmorece unha troita irisada
con febles lampos de prata.

Luz da noite, lúa engruñada,
topacio da seara cimbrente
en farrapos de semente lanzal.

Outrora xerminados no ralente da beira
daquela terra moura e profunda
aberta con rella de arado
que non atopaba fondo;
porque era tan afondado en segredos
coma o fondo alontrado do río.

OS AFOGADOS.

Que adival che engancha
o teu corazón cansado de alboreceres?

Que razón primeira e sobranceira
de escuros segredos
e arcanos misterios
buliga no teu aire de liberdade?

Que chamamento se subleva
e discrepa?

Que rebatemento enxergado no desexo
enxamea a mente de desalento . . .

para ir lavar as penas, afogado do río,
nun xergón de descanso,
á perpetuidade das augas;

e saír dos teus labros, violetas,
e do teu corpo amoratado, malvas,
que medran entre as frautas dos xuncos
e os oboes das espadanas,
nunha marcha de loito

que se arrima ás igrexas das camposas
e ós camposantos das oucas
na nave principal da catedral do río ?

AS CORDAS.

Varas espetadas na terra que espera a enchente das augas,
fincadas no fondo grixento e luído do río.

En sedelas estiradas de chumbos e anzós caídos,
vestidos de miñocas vermellas en rabos recachados
que esperan as bocas en fame das troitas devecidas.

.....
.....

Foi no pradelo ó agocharse a lúa no forno do ceo,
ó espirse a noite do seu lenzo mouro do comedero da terra,
ó sereo rapiño das aves de presa en escondedoiro presto . . .

Cando tripan os pés a moleza veluda das herbas
que senten orballos erguidos nas medras da noite
e fan rastros de improbidade no prado,
revelador de acenos á beira do río manifesto
en pisadas e en varas chantadas na orela esquecida.

Cando os ollos vixiantes de desexos do home que pesca
sente vorcalladas de lombo e viradas de barriga,
pinchacarneiros enguetados na viravolta confusa da ouca,
cambadelas invisibles en choutos barballados
que tremelucen entre os ramallos,
na luz da alborada, fisgoas de prata.

ÍNDICE.

I.- IMOS CONTIGO EN SILENCIO.....	2
Baixei axiña buscar ó río.....	3
Galiza e ti sodes o mesmo.....	4
Galante río galaico.....	5
Encaixado nun barrelo verde.....	7
Toscaneando amences.....	8
No mantel solermiño do río.....	9
Os lavadoiros de pedra vermella	10
Corre, río, corre.....	11
Chaira sostida.....	12
As toupiñeiras.....	13
Todo estaba calado	15
Unha noite aceda	16
Espello da alma chairega	17
Era un salouco mouro de amargura	18
Que misterio profundo!	19
Pan con anguiás	20
O muíño derrubado	21
Campaínas xordas de coustelo.....	22
II.- ADAGIOS DE MÚSICA QUEDA	23
Rechouchíos do solpor	24
Ladaíñas das árbores da ribeira	26
Serran rumorosos bulicios	28

Liras ó saltadoiro	29
Na ruxidoira gacia de prata	30
Choven adagios	31
Oucas de liño verde	32
Corrente	33
As escumas	34
Ourelas fumegantes de néboa	35
Campás de morte	36
Tinguileando cos rabos	37
Nos currullos renxentes das ponlas	38
A xeada anaina dun branco de neve	39
Rairo	40
Toradas de bidueiro	42
Nos peiraos dos caneiros	43
Auga, sangue galega	44
Bébese un zume de silencio roto	45
III .- NA VERACIDADE MARMORIZADA DA TARDE	46
As lavercas	47
Cabrifollos do río.....	48
Sanguiño	49
Baixa un caxoto	50
Un salgueiro medio caído.....	51
Fregan as troitas as barrigas brancas	52
O seu fado é proseguir	53

Maculando tristezas	54	
Capizos abaneados nos adeuses da auga	55	
O grallar dun corvo	56	
A insua	57	
IV.- NAS CARRANDIOLAS DOS AMENCERES		59
Oitavas ó real batuxo	60	
Cabaliños de verde esmeralda	61	
As lontras	62	
Os afogados	63	
As cordas	64	